

PREGO DE CONTRATACIÓN

SERVIZO DE TELEFORMACIÓN COOPERATIVA

NA UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP

PREGO CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA TELEFORMACIÓN COOPERATIVA DA UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP

PROMOTORA: UNIÓN DE COOPERATIVAS ESPAZOCOOP

OBXECTO DA CONTRATACIÓN: contratación dun servizo de impartición, por lotes, da Teleformación Cooperativa incluída na programación de formación da Unión de Cooperativas Espazocoop no marco da Rede Eusumo.

Responsable do Contrato:

Tino Gago Conde – Xerente de ESPAZOCOOP

Tfno: 881 887 456

E-mail: tino@espazo.coop

Importe: O prezo de cada lote deste contrato deberá estar desglosado nas diferentes partidas que compoñen o prezo total, por todos os conceptos, así como o IVE en vigor, e o importe total en EUROS.

O importe de adjudicación establécese en **7.875,00€** para o lote I e **13.125,00€** para o lote II. En calquera dos lotes, engadirase o iva, se é o caso. Trátase dun importe de adjudicación pechado.

CONDICIÓNS ECONÓMICO-TÉCNICAS

OBXECTO DO CONTRATO:

Contratación dun servizo de impartición, por lotes da Teleformación Cooperativa incluída na programación de formación da Unión de Cooperativas Espazocoop no marco da Rede Eusumo.

LOTE I.- Impartición da Teleformación Mixta: formación a través de internet complementada con sesións presenciais. O obxecto deste lote é a impartición, na modalidade de teleformación mixta, de 3 accións formativas, de 40 horas de duración cada unha. As accións formativas obxecto deste lote son:

- Asembleas e Reunións (1 edición).
- Regulamento de Réxime interno nas cooperativas (1 edición).
- Relevo xeneracional nas cooperativas (1 edición).

LOTE II.- Impartición da Teleformación: formación a través de internet. O obxecto deste lote é a impartición, na modalidade de teleformación, de 5 accións formativas , de 40 horas de duración cada unha. As accións formativas obxecto deste lote son:

- Iniciación á Cooperativa de Traballo (1 edición).
- Responsabilidade Social Empresarial nas Cooperativas (1 edición).
- Xestión de Cooperativas de traballo asociado (1 edición).
- Ferramentas de financiamento ético e solidario (1 edición).
- Ferramentas tecnolóxicas para a economía social (1 edición).

En calquera dos lotes, a empresa adxudicataria deberá optar á impartición do lote completo.

Tarefas a desenvolver:

- As provedoras xestionarán as solicitudes de inscrición de participantes recibidas, respostando ás persoas preinscritas e informándoas do proceso de selección.
- As provedoras farán o proceso de selección das persoas participantes. Comunicarán as persoas seleccionadas o resultado da selección, confirmarán o interese e dispoñibilidade e informarán, mediante correo electrónico ao resto das persoas preinscritas de que pasan á lista de agarda.
- As provedoras xestionarán a matrícula na aula virtual e levarán a cabo o proceso de titorización e seguimento do curso. Enviarán listado das persoas que comezará cada curso a Espazocoop. Periódicamente informarán do desenvolvemento do mesmo e do grao de cumprimento dos obxectivos.
- Servizo de docencia a través da teleformación e mediante sesións presenciais (no caso da teleformación mixta) onde se utilicen os medios necesarios para garantir o cumprimento dos obxectivos das accións formativas. Servizo de atención telefónica e a través medios de comunicación síncronos e/ou asíncronos que garanta a resolución de dúbidas ao alumnado, tanto de carácter específico das materias do curso como de carácter técnico sobre o funcionamento da plataforma e os contidos. Dinamización dos espazos de comunicación na Plataforma.
- No caso da teleformación mixta, coordinación coa Unión Espazocoop ao respecto da organización das sesións presenciais e a xestión da documentación que conleva a impartición das accións formativas.
- Á finalización das accións formativas achegarán a Espazocoop a relación de persoas que teñen superado a actividade para que se lles emita o correspondente certificado de participación. Pasarán ao alumnado un cuestionario que permita valorar a súa satisfacción respecto a formación recibida.
- As provedoras entregarán a Espazocoop a seguinte documentación para a xustificación da realización da acción formativa:
 - Relación do alumnado participante na acción formativa coa información do seu resultado.
 - Informe de conexións do alumnado á plataforma de teleformación.

- Informe de resultados dos controis de aprendizaxe.
- Informe de resultados da valoración da formación por parte do alumnado.
- Anexos V asinados polas persoas participantes nas sesións presenciais, no caso dos cursos en modalidade mixta.
- Informe, asinado pola persoa docente, no que se indique que o alumnado cumpriu os criterios de participación.
- Informe docente sobre o desenvolvemento e resultado de cada acción formativa.

Para o correcto desenvolvemento da execución, a adxudicataria debe contar con:

- Materiais didácticos para cada curso adaptados á modalidade de teleformación. Guía pedagóxica para a realización das sesións presenciais, no caso da teleformación mixta.
- Plataforma de teleformación que garanta o correcto servizo ao alumnado e a realización de informes de conexión e de resultados finais das persoas participantes. A plataforma posibilitará o acceso aos contidos formativos, actividades de aprendizaxe e actividades de avaliación en liña e contará con servizos complementarios que favorezan o intercambio e a comunicación entre o alumnado.
- Docencia das accións formativas na parte de teleformación e na parte presencial das accións formativas.

CONTRATACIÓN DA DOCENCIA

- O gasto asignado ao labor da persoa docente, na proposta, deberá desenvolverse mediante contratación mercantil da persoa (non da empresa adxudicataria) ou contratación laboral por parte de Espazocoop. Na proposta económica debe identificarse o custo deste servizo e a modalidade a aplicar.
- Na proposta técnica especificarase a persoa asignada co seu curriculum vitae. Valorarase tamén a colaboración con outras entidades cooperativas e/ou de Economía Social para o desenvolvemento dos traballos.

COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DO EQUIPO DE TRABAJO:

- As licitadoras deberán comprometerse expresamente á adscripción da persoa proposta para a execución do contrato que deberá formar parte da estrutura e equipo da/s entidades.

BAREMOS PARA A CONTRATACIÓN

Ser cooperativa afiliada a ESPAZOCOOP 4 PUNTOS

Ser cooperativa no afiliada a Espazocoop 2 PUNTOS

Máx. 20%

Ser sociedade laboral, centro especial de emprego ou empresa de inserción: 1 PUNTO

Experiencia Profesional da empresa e/ou profesional no obxecto do contrato: Ata 4 PUNTOS Máx. 20%

- Experiencia + Garantías da entidade e CV das persoas socias (3)
- Traballos anteriores satisfactorios coa Unión (2)
- Cooperativa de nova creación (1)

Proposta Técnica, inclúe melloras sobre a proposta. Ata 6 PUNTOS Máx. 30%

Grao de intercooperación: Ata 1 PUNTOS Máx. 5%

- Proxecto de Intercooperación con outras socias
- Intercooperación en redes: COOP57, REAS, ...
- Grao de participación nas actividades da Unión

Oferta económica (*) Ata 4 PUNTOS Máx. 20%

Medidas de Responsabilidade Social: Balance social, plans de igualdade, consumo e utilización de produtos e servizos respetuosos coa contorna, elaboración memorias de sostibilidade, colaboración con entidades sociais, etc...), e aquelas que se propoñan na propia proposta. Ata 1 PUNTOS Máx. 5%

(*) neste caso, ao tratarse dunha contratación con prezo pechado, este baremo non se terá en conta á hora da adxudicación do contrato.

PRAZO DE EXECUCIÓN: As acción formativas deben estar desenvolvidas e os informes de actividade entregados antes do 31 de xullo de 2020:-

FORMA DE PAGAMENTO: Un pagamento único contra as correspondentes facturas a nome de Espazocoop, unha vez realizado o servizo e aprobado de conformidade polas persoas responsables do contrato.

SOLVENCIA

SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA:

Valorarase a existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

SOLVENCIA TÉCNICA:

Consideraranse solventes as entidades que na relación de traballos realizados nos tres últimos anos acrediten o desenvolvemento de traballos dalgunha das seguintes materias:

Para o Lote I

- Realización de programacións formativas na modalidade de teleformación mixta nas temáticas de xestión da participación, regulamentos e procesos de organización social das cooperativas.

- Experiencia en procesos de xestión da participación en colectivos nomeadamente da economía social.
- Dinamización de actividades formativas tanto na modalidade presencial como na modalidade de teleformación.

Para o Lote II

- Realización de programación formativas na modalidade de teleformación nas temáticas de responsabilidade social nas empresas cooperativas, iniciación e xestión de cooperativas de traballo, ferramentas de financiamento ético e ferramentas tecnolóxicas para a economía social.

MELLORAS:

Valoraranse as posibles melloras propostas polas entidades licitadoras, tanto no aspecto económico (non vencelladas ao prezo) como técnico para garantir o bo fin das actividades obxecto do presente contrato. A meros efectos indicativos e entre outras, poderanse valorar aspectos vencellados aos periodos de cobro, a asunción de traballos ou servizos complementarios, melloras na execución, calidade, etc

CLÁUSULA SALVAGARDA

Adxudicado o contrato, a súa eficacia ficará supeditada á obtención por parte de ESPAZOCOOP da aprobación do financiamento suficiente por parte da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia para os servizos obxecto de contratación, sen que devindique dereito económico a favor das licitadoras, que aceptan de forma expresa esta cláusula ao presentar a oferta, se non se obtivese o financiamento da devandita Consellaría, e daquela a adxudicación ficaría sen efecto.

En A Coruña a 19 de Novembro de 2019

Asdo. Constantino Gago Conde

Xerente da Unión de Cooperativas Espazocoop